



Concello de Cangas



## **Bases de Participación FEIRA DA TAPA 2019**

### **I - DATAS E PARTICIPANTES**

A Feira terá lugar do 20 ao 30 de xuño, ambos inclusive, e terán cabida os Establecementos de Hostalería e Restauración de Cangas.

A participación na Feira da Tapa 2019, conleva a aceptación das bases de participación que se presentan a continuación, e os establecementos deben tamén cumprir cos requisitos legais correspondentes á actividade económica que desenvolven nos seus establecementos.

A participación está aberta á tódalas persoas físicas ou xurídicas cuxas actividades profesionais sexan Restauración e Hostalería e que desenvolvan a súa actividade nun establecemento fixo no Concello de Cangas, establecemento que debe contar con cociña acorde aos servizos que presta, un espazo de lecer onde os clientes poidan desfrutar da tapa, ademais de aseos propios.

### **II - MODALIDADES DE PRESENTACIÓN E PREZO**

1 - TAPA (Establecementos de Restauración, Cafeterías e Bares, **con instalación de cociña adecuada aos servizos e categoría do establecemento**, sendo imprescindible que cada establecemento cumpra cos requisitos legais correspondentes á actividade económica e licenza que posúe o seu local)

2 - ELABORACIÓN ESPECIAL (Cócteles, Batidos, Zumes, Cafés, Xeados, etc.)  
Nas dúas modalidades, a Tapa ou Elaboración debe:

- Ter un nome específico, que se incluírá nas formas de difusión do evento.
- Estar preparada con produtos de calidade.
- No referido á cantidade de produto, ter en conta que se trata dunha Tapa e non dunha Ración.
- Ter uns mínimos de elaboración e presenza.
- Estar deseñada especialmente para a participación na Feira.
- Non formar parte da oferta habitual do local.
- Ser exactamente a mesma tapa que presentou no seu día ao xurado.
- Ser servida, sen excepción, nos horarios e días marcados previamente por cada local, durante o tempo que dure a Feira.
- Cada local pode participar nunha modalidade, ou nas dúas, se así o decide.

**É condición indispensable para participar na Feira da Tapa, que tódolos produtos e elaboracións teñan uns mínimos de calidade e presenza. O xurado poderá velar polo cumprimento deste requisito, reservándose o dereito de prescindir das propostas que o incumpran.**

### 3 - PREZO DA TAPA:

O prezo FIXO de venda ao público, con total independencia de calquera outra bebida ou produto consumido, será de:

- 2€ (IVE incluído), na modalidade de Tapa.
- 3€ (IVE incluído), na modalidade de Elaboración Especial.

### III – OS ESTABLECEMENTOS: obrigas e condicións para a participación.

- Estar en posesión da Licenza de Apertura e dados de alta no Imposto de Actividades Económicas nalguna das actividades encadradas no marco que a organización establece.
- Asegurar nos seus establecementos as necesarias condicións de limpeza, seguridade, hixiene e atención ao cliente.
- Comprometerse a manter aberto e en funcionamento o seu establecemento nas datas e horarios fixados para a Feira. Ao mesmo tempo, cada local é libre de escoller o horario no que quere servir a tapa, tendo en conta que deberá ser respectado ao longo de todo o evento. Este horario poderá ser ampliado, pero xamais reducido
- Cumprimentar na folla de inscrición os días oficiais de peche do seu local
- Ofrecer calidade nos produtos e elaboración das Tapas e Elaboracións Especiais ofertadas.
- Crear unha Tapa ou Elaboración Especial, deseñada especificamente para súa participación na Feira, que será presentada cun nome específico e descrición da receita de elaboración en galego, o cal se incluírá nas diversas formas de difusión do evento.
- Será obrigatorio servir as Tapas ou Elaboracións Especiais durante os días que dure a Feira e nos horarios establecidos, comprometéndose a contar coa previsión suficiente para non esgotar as existencias.
- Asistir á **presentación da Feira da Tapa 2019, que terá lugar o xoves, 13 de xuño** no primeiro andar da Praza de Abastos no horario que será comunicado con anterioridade a todos os participantes.
- **Asistir os días 3 ou 4 de xuño, no primeiro andar da Praza de Abastos, á hora que cada local escolla previamente no momento de realizala inscrición, á presentación da súa Tapa ou Elaboración ao xurado da Feira 2019.** Ese mesmo día se realizará un rexistro fotográfico, que se incorporará ao material publicitario e informativo.
- Colaborar en tódalas accións de comunicación, publicidade e relacións públicas do evento nas que sexa requirido.
- Situar nun lugar visible do establecemento os distintivos promocionais da Feira co fin de garantir a máxima difusión, e colocar nun lugar visible e doado acceso, a urna na que o público depositará os seus votos.
- Selar, cando os clientes o soliciten, as papeletas pra votar e o pasaporte “Sabe Ben”, logo de consumiren a Tapa ou Elaboración Especial.

**A participación na Feira da Tapa 2019, conleva a aceptación das presentes bases de participación.**

### IV - COTA DE INSCRICIÓN E FORMA DE PAGO:

A cota de inscrición na Feira da Tapa 2019 será de 70,00 euros (IVE incluído) por establecemento se é por unha modalidade.

A cota de inscrición será de 90,00 euros (IVE incluído) para aqueles establecementos que decidan participar na dúas modalidades, Tapa e Elaboración Especial.

A cota de inscrición aboarase mediante ingreso ou transferencia bancaria á conta corrente de titularidade da Asociación de Restauradores de Cangas do Morrazo, na entidade bancaria A BANCA e con número de conta ES48-2080-5079-8430-4001-5051, indicando no concepto: FEIRA DA TAPA 2019 + Nome do establecemento.

### **NON SE FARÁ EFECTIVA NINGUNHA INSCRICIÓN QUE NON SE ACOMPAÑE DO XUSTIFICANTE DO PAGAMENTO DA COTA.**

Unha vez admitido, non se devolverá o importe da cota, salvo por cuestións de forza maior demostrables. O importe recadado coas inscricións destinarase aos custes da organización do evento, así como aos premios que se repartirán ao finalizar a edición da Feira.

## **V - PRAZO E INSCRICIÓN**

Os establecementos interesados en participar na Feira da Tapa 2019 deben entregar **antes do venres 31 de maio** a seguinte documentación:

- Folla de Inscrición debidamente cumprimentada. No caso de inscribirse nas dúas modalidades, deberá cubrir dúas Follas de Inscrición, unha por modalidade.
- Xustificante do ingreso da cota de participación, realizado na conta bancaria indicada.

A documentación anterior pode entregarse por correo electrónico a [turismo@cangas.gal](mailto:turismo@cangas.gal) (indicando no asunto “Inscrición Feira da Tapa 2019”) ou nas Oficinas de Turismo do Concello de Cangas:

- Casa da Bola, Avda. Eugenio Sequeiros, 9 en horario de luns a venres de 9:00h a 15:00h
- Oficina de Turismo Peirao, ao lado estación de autobuses, en horario de martes a sábado de 11:00h a 14:00h e de 16:00h a 18:00h e domingos de 11:00h a 14:00h

**A DATA LÍMITE DE RECEPCIÓN DE INSCRICIÓN SERÁ O 31 DE MAIO.**

## **VI - PRESENTACIÓN DAS TAPAS**

### **- Sesión de fotos das Tapas**

A sesión de fotografías terá lugar os días 3 e 4 de xuño, coincidindo coa presentación da elaboración aos membros do xurado da Feira 2019. O material fotográfico se incorporará ao material publicitario e informativo. Estas fotografías serán, ademais, a base para a montaxe dunha pequena exposición que ocupará o primeiro piso da Praza de Abastos de Cangas como unha acción de promoción máis da Feira da Tapa.

### **- Degustación e votación, por parte do Xurado.**

Os días 3 ou 4 de xuño, no primeiro andar da Praza de Abastos, á hora que cada local escolla previamente no momento de realizala inscrición, terá lugar a presentación das Tapas ou Elaboracións aos membros do xurado da Feira 2019.

O Xurado, que estará presidido por un cociñeiro de prestixio, estará composto por persoas do ámbito da hostalería, o turismo, o xornalismo gastronómico, bloggers ou entidades relacionadas coa promoción enogastronómica, de xeito que se garanta un veredicto que redunde na excelencia e credibilidade do concurso.

O xurado valorará as Tapas e as Elaboracións Especiais en función de múltiples criterios como a elaboración, a presentación, ou o seu sabor, entre outros aspectos.

**É condición indispensable para participar na Feira da Tapa, que tódolos produtos e elaboracións teñan uns mínimos de calidade e presenza. O xurado poderá velar polo cumprimento deste requisito, reservándose o dereito de prescindir daquelas propostas que o incumplan claramente.** A cota de inscrición devolverase, de non cumprirse os requisitos antes mencionados.

## **VII – PASAPORTE “SABE BEN”**

No *Pasaporte “Sabe Ben”* aparecerán tódolos datos dos locais participantes na Feira, ademais da foto da Tapa ou Elaboración coa que participa. Servirá de guía dos locais participantes.

Este Pasaporte é unha ferramenta de publicidade e difusión do evento, que permitirá ao público optar a un premio por ter percorrido tódolos locais da Feira.

Este formato de publicidade faise posible a través da colaboración de patrocinadores, polo que sería importante que os establecementos participasen mercando os produtos destes patrocinadores.

## **VIII -PREMIOS PARA OS LOCAIS PARTICIPANTES**

- **PREMIO DO XURADO:** O fallo do xurado darase a coñecer nun evento final no Concello unha vez finalizado o concurso, e será, ademais, inapelable. Tódolos participantes obterán un distintivo acreditativo e os establecementos gañadores elixidos polo xurado recibirán un premio, aínda por determinar.
- **PREMIO DO PÚBLICO *Á MELLOR TAPA DA FEIRA DA TAPA 2019***  
Outorgarase mediante votación popular. Será o público quen emita o seu voto, durante os días que dure o evento, polo que o prazo de votación será o mesmo que o da duración da Feira, do 20 ao 30 de xuño.

As votacións realizaranse nas urnas sitas nos establecementos participantes e mediante as tarxetas que se distribuirán para a ocasión. O sistema de votación será o mesmo que nas anteriores edicións, e dicir, a través das papeletas que os propios locais repartirán. Estas disporán de catro ocos. Os tres primeiros para os tres selos precisos para outorgar cada voto, e o derradeiro oco para que o cliente escriba o número do local que lle pareza ten mellor Tapa. A cada local se lle asignará un número, ese número será o que apareza nos flyers e nos Pasaportes, para que o público recoñeza o local que vai votar polo seu número.

Para que os votos sexan válidos deben ter tres selos de tres locais diferentes, ademais do número do local que considere debe ser o gañador. A escolla deste gañador non ten por qué coincidir coas tres tapas consumidas, pódese escoller entre o total de participantes. Os votos que non cumpran con estas regras serán anulados. Os establecementos gañadores daranse a coñecer nun evento final no Concello, unha vez finalizado o recuento de votos. Os premios están aínda por definir.

## **IX – PREMIOS PARA O PÚBLICO:**

- **PREMIOS PARA O PÚBLICO:** Entre tódolos votos válidos recollidos nas urnas dos locais, escolleranse ao azar as persoas premiadas.

- O *PASAPORTE “SABE BEN”*: O Concello habilitará nunha das Oficinas de Turismo a distribución do *Pasaporte “Sabe Ben”*, que será de uso persoal e intransferible. O seu período de vixencia será o da duración da Feira, e terá que estar debidamente cuberto con tódolos datos persoais que se solicitan para que sexa válido.

Os consumidores que presenten o *Pasaporte “Sabe Ben”* selado por tódolos locais participantes terán dereito a un premio de maior consideración.

## **X - SUSPENSIÓN DA FEIRA E ASPECTOS LEGAIS.**

Se por causas de forza maior a Feira da Tapa non se puidese celebrar, a organización comprométese a devolver a cada establecemento participante o importe aboado da cota de participación. A organización non se fai responsable de posibles sancións aos participantes que non cumpran coas obrigas legais exixibles. É imprescindible que cada establecemento e cada empregado, cumpra cos requisitos legais correspondentes á actividade económica que desenvolve no seu local.